

MÁIS UNED

Hai 10 anos, Lugo era a única capital de provincia galega, e das poucas en España, que non tiña sede da Universidade Nacional de Educación a Distancia. No 2008, Deputación e Concello de Lugo conseguiron traer un centro á cidade, que se situou nun local de aluguer. Este mes, inauguraron en pleno cinturón verde da capital a súa propia sede, construída con 2 millóns de euros da Deputación nas instalacións provinciais do antigo Hotel Miño. Lugo conta agora co centro da UNED de referencia en todo o noroeste peninsular

A Uned celebra o seu 10º Aniversario en Lugo estreando unha sede punteira

Deputación e Concello conseguiron que Lugo deixase de ser a única capital de provincia galega sen sede da UNED a contar co centro de referencia no noroeste peninsular

Hai 10 anos, Lugo era a única capital de provincia galega e das poucas en España que non contaba cun centro da Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED). No 2008, Deputación e Concello de Lugo conseguiron traella á cidade e afincala nun local de aluguer, no coñecido como edificio da Forcam, agora propiedade de Abanca, en Augas Férreas. Este mes, inauguraron a súa propia sede, coincidindo co 10º aniversario desta universidade na capitalidade lucense. As súas características e prestacións, convérteten no centro da UNED de referencia en todo o noroeste peninsular. Destas instalacións xa gozan os 2.000 lucenses de todas as idades que estudan nesta universidade.

O centro sitúase en pleno cinturón verde da cidade lucense, na Tolda, a carón do río Miño. Ocupa o antigo Hotel Miño, unhas instalacións que no ano 1984 comprou a Deputación e que estiveron en desuso ata o nacemento deste proxecto. Foi no 2011, cando Concello e Deputación de Lugo decidiron situar neste inmoble provincial unha necesaria sede propia da UNED en Lugo. Fixérono tendo en conta as súas vantaxes: aforro de 105.000 euros anuais polo aluguer do edificio onde se situaba antes o centro; incremento do espazo para acoller aos alumnos en constante aumento; adaptación do centro ao novo marco universitario europeo; consolidación da existencia da UNED coa permanencia da sede; e posta en valor do cinturón verde da cidade, así como dunhas instalacións provinciais públicas, como o Hotel Miño, dándolle ademais uso social.

Un edificio punteiro

A Deputación fixo un esforzo inversor total de 2 millóns de euros nas obras, construíndo un edificio moderno e punteiro que será unha sede de referencia da UNED no noroeste do Estado. Conta con 1.993 metros e distribúese en 4 plantas. Na baixa sitúase a biblioteca de acceso libre e con conexión a Internet, o departamento de orientación, formación e emprego (COIE), así



Mobiliario urbano na entrada do edificio

como o de atención ao alumnado. Na primeira planta hai 6 aulas compostas por tabiques móveis, facendo posible que en tempadas de maior afluencia de estudiantes, como por exemplo

durante a celebración de exames, quede unha soa sala con capacidade para 100 persoas. Tamén neste espazo, se localiza a sala de reunións e a de dirección. Na segunda planta están

as restantes 12 aulas -isto significa que a UNED conta cun total de 18 aulas-, así como a área de informática. A terceira, que antes era unha terraza, converteuse no espazo que acolle o

salón de actos e os laboratorios.


A carón do río Miño

Sergonsa foi a empresa que resultou adjudicataria dos derradeiros traballos, que foron

INVESTIMENTO

2 MILLÓNS DE EUROS NUNHA SEDE PUNTEIRA

A Deputación Provincial investiu 2 millóns de euros na posta en marcha dunha sede máis ampla, funcional e equipada para a universidade pública a distancia



UNHA SEDE DE REFERENCIA

UNED



NO APARCADOIRO E NAS ZONAS VERDES QUE RODEAN O EDIFICIO INSTALÁRONSE 21 LUMINARIAS

O CENTRO ESTÁ CONECTADO Á REDE IRIS QUE PERMITE SUBIR CONTIDOS EN GRAN CALIDADE Á INTERNET

os da urbanización e estiveron dotados de 215.000 euros. Estes fondos forman parte dos 2 millóns que en total achegou a Deputación á construcción da nova sede da UNED. A empresa encargouse de humanizar a contorna do edificio, dotándoa dunha zona verde con 900 metros cadrados de céspede natural, amais dunha cuberta duns 400 metros. Nesta zona de recreo, dispuxo diferentes elementos de mobiliario urbano, como pérgolas ou bancos de madeira dende os que se pode gozar da vista do paseo do Río Miño. Na parte posterior do edificio, instalou unha superficie de céspede artificial. Completou o acondicionamento da zona con outros elementos como xardineiras, papeleiras de aceiro inoxidable e 21 luminarias por toda a contorna do edificio, que tamén se sitúan no vial de acceso ao recinto. Ademais, fixo un aparcadoiro cunha extensión superior aos 1.700 metros cadrados con capacidade para máis de 70 vehículos.

Dotación tecnolóxica

A mudanza da UNED ofrece unhas instalacións más amplas e funcionais, e tamén mellor dotadas tecnoxicamente aos

máis de 2.000 alumnos matriculados este curso. O centro conéctase á Rede Iris, que aglutina os servicios teleinformáticos do sector investigador e académico español. Os seus 10 GB de ancho de banda permiten poñer contidos dixitais audiovisuais de alta calidade na Rede. Tanto no salón de actos como na aula de extensión universitaria pódense emitir eventos por streaming de mellor calidade, ata agora limitados pola insuficiente capacidade de INTECCA.

Oferta académica

A nova sede da UNED na capital ofrece 22 titulacións universitarias de Grao. Como novedade, este ano tamén imparte un Grao en Criminología. A institución, pública, ofrece tamén formación universitaria para maiores de 25 e 45 anos. Conta cun Centro Universitario de Idiomas a Distancia para acadar as titulacións B1, B2 e C2 con acreditación oficial. Centos de maiores de 55 anos cursan os seus estudos na chamadas UNED SENIOR. Nesta anualidade, inaugurou, ademais, o curso "Policía Xudicial e Dereito Penal: realidades e desafíos" con relatores de recoñecido prestixio na área penal, procesual e policial.



A Alcaldesa Lara Méndez e o Presidente da Deputación Provincial nunha visita as instalacións | Óscar Cela



Vista lateral do novo edificio na que se aprecia o acondicionamento da zona exterior



Zona de céspede artificial na parte posterior do edificio



O presidente da Deputación, Dario Campos, e Alcadesa de Lugo, Lara Méndez, no acto de inauguración do curso académico 2017/2018 | Óscar Cela

Nova sede e novo curso na UNED

Uns 2.000 alumnos cursarán as titulacións que ofrece a universidade a distancia, que cumple o décimo aniversario na cidade coa estrea dun edificio máis amplio e funcional

O Presidente da Deputación e a Alcadesa de Lugo inauguraron o novo curso académico na UNED. Dario Campos e Lara Méndez aproveitaron o acto para supervisar as derradeiras actuacións levadas a cabo no exterior do edificio e percorrer as novas instalacións. Unhas obras financiadas na súa totalidade pola entidade provincial, con 2 millóns de euros.

O Presidente da Deputación destacou que "trátase dunhas instalacións pioneiras e de primeiro nivel en Galicia, Asturias, León, Zamora e Salamanca". Campos Conde subliñou o compromiso do organismo provincial "cunha educación pública de calidade" e a "posta en valor do patrimonio de todos os lucenses, como é o Hotel Miño, ao que damos unha utilidade pública, impulsando o cinto verde da capital luguesa, a carón do que se sitúa a sede da UNED".

A Alcadesa de Lugo, Lara Méndez, destacou que "hoxé é un día dese que marca a historia dunha cidade e dunha sociedade, no que damos un gran paso cara a excelencia educativa coa estrea destas instalacións, nas que a partir deste curso funcionará o centro asociado da UNED de Lugo, unhas instalacións que nos converten no centro referencial desta Universidade no noroeste de España".

O curso comezou con preto de 2.000 matriculados na oferta académica do centro, 22 titulacións de grao, un curso de acceso á Universidade para maiores de 25 e 45 anos, cursos de idiomas nos niveis B1, B2 e C2 e cursos para maiores de 55 anos. Ademais, a mellor dotación tecnolóxica do centro permitirá abordar novos programas de formación para entidades públicas e privadas de Galicia e do resto do Estado.



Dario Campos e Lara Méndez con representantes da UNED nunha das 18 aulas do novo edificio | Óscar Cela

Sergonsa es una Empresa Constructora de vanguardia, trabajamos con los más modernos sistemas de desarrollo, ejecución y planificación, enfocados a una construcción responsable, segura y de calidad. Desenvolvemos nuestra actividad a nivel nacional e internacional.

**DISEÑO Y VANGUARDIA
CONSTRUCCIÓN INDUSTRIAL
EDIFICACIÓN
INGENIERÍA CIVIL**

SÉRGONSA
obras y servicios

C/ Enrique Mariñas, nº6 1ºF
Mato Grande
15009 A Coruña (Spain)
Tlf. 881 129846 Fax. 881 129706
e-mail: sergonsa@sergonsa.com

www.sergonsa.com